



# BANDO

## Asunto: REAPERTURA OFICINAS MUNICIPAIS CON CITA PREVIA.

Por medio do presente, ponse en coñecemento de todos os veciños e veciñas que:

**PRIMEIRO.-** A partir do vindeiro luns 25 de maio de 2020, procédese á reapertura **das oficinas administrativas do Concello de Nogueira de Ramuín** para os trámites que non se poidan realizar vía telemática na sede electrónica do Concello.

**SEGUNDO.** Para a atención presencial ao público e para a realización de trámites ante o rexistro será necesario concertar cita previa nos teléfonos 988.20.10.23 e de servizos sociais 988.20.11.22 ou por medio da sede: <https://nogueiraderamuin.sedelectronica.es>

**TERCEIRO. É obrigatorio o uso de mascarilla protectora, e a desinfección de mans** deberase respetar en todo caso a distancia de seguridade de dous metros cos demais usuarios e co persoal. Terán a súa disposición xeles hidroalcohólicos na entrada do concello e mascarillas no caso de non dispor dunha propia.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade ao disposto no artigo 6 do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e o artigo 21.1a) i e) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

En Nogueira de Ramuín, a 21 de maio de 2020.

O alcalde, José César Parente Pérez

Sinatura dixital á marxe.

